



Bases reguladoras do proceso para seleccionar mediante concurso de méritos a un traballador/a para desempeñar o posto e traballo de director/a da Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (grupo II), baixo a modalidade de contrato de substitución.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria a selección de persoal en réxime laboral temporal, polo procedemento de concurso de méritos, da contratación dun (1) director/a da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

As condicións laborais son as do posto de traballo da traballadora substituída:

Posto de traballo	Director/a da EIM
Código RPT	4021
Grupo Cotización	2
% cota patronal	33,10%
Tipo xornada	100,00%
	Mensual
Salario	1.120,26 €
Plus convenio	596,58 €
Complemento específico	326,66 €
Antigüidade	0,00 €
Pagas extraordinarias (parte proporcional)	340,58 €
Total	2.384,08 €
Seguridade Social a cargo do concello	658,42 €
Indemnización fin contrato	0,00 €
Gasto total	3.042,50 €

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de substitución dos regulados no artigo 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015.

A duración do contrato será o da duración da situación de baixa da traballadora substituída; de non producirse a situación de alta, rematará o 31 de xullo de 2025.

A xornada laboral será de 35 horas en cómputo semanal a tempo completo.

As funcións a desenvolver son as previstas na relación de postos de traballo:

- Coordinar e organizar o persoal da escola infantil



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- Administración do centro (altas e baixas, elaboración de listado de alumnos, tramitación de facturas)
- Atención persoal e telefónica ós usuarios
- Auxiliar de aula en horario lectivo
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

A selección da persoa traballadora será mediante a presentación de oferta de emprego tipo A no Servizo Público de Emprego de Galicia. A oferta presentada polo Concello de Boqueixón conterá os datos recollidos na base cuarta.

- A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO 22521013 nivel profesional 30 Técnicos de educación infantil, e as titulacións recollidas na base cuarta destas bases.
- A oferta de emprego é de tipo A e terá un difusión de 3 días hábiles.
- O ámbito territorial da oferta é a comarca de Santiago.
- Número mínimo de candidaturas é 5 e máximo 6.

SEGUNDA. Publicidade.

A publicidade das bases farase mediante anuncio do estrato da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, na páxina www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os resultados da valoración da fase de concurso, citacións e emprazamentos ás persoas aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante o concello, se o estima oportuno, poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

TERCEIRA. Requisitos das persoas aspirantes para participar no proceso selectivo, presentación de documentación e prazos.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TREBEP, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

forzosa.

- Titulación: estar en posesión dalgún dos seguintes títulos universitarios (arts. 1.2, 8.1 e D.F.1ª do Real decreto 132/2010; arts. 1, 2.1, e D.F. 1ª do Real Decreto 476/2013), (ou ter finalizados os estudos e abonados os dereitos para a súa obtención):
 - Título de Grao en Educación Infantil.
 - Mestre/a especialista en educación infantil (diplomatura).
 - Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica coa especialidade de Educación Infantil ou de Educación Preescolar (R.D. 1954/1994, do 30 de setembro, BOE nº 275, do 17/11/94).
 - Mestre en Educación Primaria coa especialidade de Educación Infantil ou Preescolar.
 - Licenciatura universitaria en pedagogía ou psicopedagogía.
- Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo (anexo I)
- Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial firme, para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso ao emprego público. (anexo I)
- Posuír o título/ certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.
- Anexo I (modelo oficial de solicitude de participación e declaracións).
- Certificación negativa do rexistro central de delinquentes sexuais.
- Anexo II (autobaremo).
- Anexo III (no caso de ser necesario) (anexo para os que traballaron en Boqueixón)
- Estar de alta como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego. Debe acreditarse mediante a tarxeta de demandante de emprego actualizada á data posterior á publicación do anuncio



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

destas bases no BOP.

- Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as no correspondente **código do CNO** na Oficina Pública de Emprego de Galicia. e a oferta de emprego que o Concello de Boqueixón presentará no Servizo Público de Emprego, conterá os seguintes datos:
- A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do **CNO 22521013** nivel profesional 30 Técnicos de educación infantil, e as titulacións recollidas nesta base cuarta.
 - A oferta de emprego é de tipo A e terá un difusión de 3 días hábiles.
 - O ámbito territorial da oferta é a comarca de Santiago.
 - Número mínimo de candidaturas é 5 e máximo 6.

O concello solicitará as persoas candidatas para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina pública de emprego de Santiago Norte no prazo máximo de dous días hábiles dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas candidatas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

Soamente serán admitidos/as e poderán presentarse a este proceso as persoas candidatas que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello.

Documentación acreditativa de méritos:

As persoas aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de Boqueixón (en horario de 9:00h a 14:00h) dende o día seguinte á data de publicación da lista de persoas candidatas preseleccionadas pola oficina pública de emprego no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón ata o día anterior da realización da baremación dos méritos pola comisión seleccionadora.

Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

QUINTA. Comisión seleccionadora

Composición



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

1 A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

2 A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE:

O secretario interventor da corporación ou funcionario/a en quen delegue,

B.- VOCAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón ou doutra administración local que se designen.

C.- SECRETARIO/A:

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón, con voz pero sen voto.

3 A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal calificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4 Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurren neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concurre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

5 A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6 Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos artigos 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

SEXTA. Contido do proceso selectivo, desenvolvemento e cualificación



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

No suposto de que todos os aspirantes tivesen presentado o certificado CELGA 4, procederase directamente á fase de concurso.

Previamente á valoración dos méritos, deberase realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, á que concorrerán aqueles aspirantes que non tivesen achegado canda a súa solicitude certificado acreditativo do nivel CELGA 4. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

Esta proba será de carácter eliminatorio, e terá a cualificación de apto ou non apto, segundo corresponda a xuízo do tribunal, e consonte aos criterios de corrección que o tribunal debe publicar no taboleiro de novas do Concello, como mínimo, corenta e oito horas antes do desenvolvemento da proba.

Consistirá na tradución escrita directa dun texto en castelán facilitado polo tribunal, á lingua galega, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto será escollido polo Tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, podendo formarse con parágrafos de distintos textos, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba, dado que o texto non poderá ter máis de 100 palabras, sendo cualificados como non aptos aqueles aspirantes que teñan 10 erros ou máis (tanto de tradución, como de gramática, como de acentuación).

As/os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídas/os do proceso selectivo.

O concurso de méritos determinarase polo establecido ao respecto tanto nas Bases xerais como polo baremo específico de seguido determinado.

A/o aspirante deberá aportar xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados o autobaremo establecido nesta convocatoria específica Anexo II. Aqueles aspirantes que non presenten o autobaremo (anexo II) serán cualificados con 0 puntos nesta fase de concurso.

A puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de **100 puntos**.

A) **EXPERIENCIA PROFESIONAL** ate un máximo de **60 puntos**.

- A experiencia profesional no posto acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente do Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe/certificación expedida pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.
- Admitiranse becas ou prácticas laborais no posto, debidamente acreditadas como arriba se indica, sempre que cotizasen á Seguridade Social



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán presentar o anexo III para solicitar a expedición da correspondente certificación.

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

- No caso de que a relación fose funcionarial deberá acreditarse mediante a resolución do nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzan, claramente, as funcións e postos/prazas desempeñados, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade, indicando ademais, cando sexa necesario polas características singulares da praza/posto, o servizo/departamento no que se realizaban, expedido pola administración/empresa na que prestou os servizos que quere que se lle valoren.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada comisión seleccionadora, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estean suficientemente acreditados conforme ás bases.

Os méritos admisibles e avaliáveis serán unicamente os presentados ata a data de finalización do prazo de presentación que é o día anterior da realización da baremación dos méritos pola Comisión Seleccionadora. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes e ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de 60 puntos establecido.

A) Servizos prestados como director/a de escola infantil (0-3 anos) ou prazas similares con un contido funcional análogo ao da convocatoria en calquera das distintas categorías.

a.1) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais como director/a de escola infantil: 0,40 puntos por cada mes acreditado.

a.2) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,25 puntos por cada mes acreditado.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

a.3) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas como Director/a de escola infantil: 0,30 puntos por cada mes acreditado.

a.4) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,20 puntos por cada mes acreditado.

a.5) Por experiencia profesional no sector privado como director/a de escola infantil: 0,10 puntos por cada mes acreditado.

a.6) Por experiencia profesional no sector privado en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,05 puntos por cada mes acreditado.

B) FORMACIÓN ate un máximo de **40 puntos**:

CURSOS DE FORMACIÓN:- Pola realización de cursos directamente relacionados coas funcións a desenvolver e formación transversal tamén relacionada co posto. Valorarase 0,16 puntos por cada hora de formación (puntuación máxima a obter neste apartado é 40 puntos).

Toda a formación acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente dos títulos, diplomas ou certificados expedidos polo organismo ou centro correspondente, coa expresión do curso realizado, contido e número de horas.

A formación requirida como requisito mínimo non será avaliable.

Só se valorará a formación impartida en centros oficiais/homologados, universidades nacionais/internacionais, colexios oficiais, escolas oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas funcións do posto a desenvolver.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

No caso de aportar títulos/certificados, que non sexan de coñecementos de idiomas, obtidos no estranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español, o/a aspirante deberá acreditar documentalmente a validación/homologación e, no seu caso, tradución, pola entidade pública española competente ou tradución xurada realizada por intérprete/tradutor habilitado ao español ou galego. En caso contrario, non serán valorados.

Non se valorarán diplomas de realización obradoiros, xornadas, seminarios, simposios, só se valorará a realización de cursos formativos.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan as persoas candidatas presentadas, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal,

A puntuación final de cada aspirante virá dada pola suma total da puntuación dos diferentes apartados. No suposto de empate na puntuación final, a orde de desempate establecerase atendendo:

En primeiro lugar, á maior puntuación acadada no apartado B) dentro dos máximos marcados.

En segundo lugar, á maior puntuación acadada no apartado A) dentro dos máximos marcados.

No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2025 (letra "F", DOG núm. 16 do 24 de xaneiro de 2025).

Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Fernández. A letra a ter en conta será o "F"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

SÉTIMA. Cualificación final e proposta de contratación

A puntuación final da proba selectiva, aos efectos de ordenación de aspirantes na relación de aprobados virá determinada pola suma total das cualificacións obtidas na fase de concurso.

O Tribunal non poderá declarar que supera o proceso selectivo un número superior de aspirantes que o número de prazas convocadas (unha).

OITAVA. Resolución e formulación de contratos

1 Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da Corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón a relación provisional de aspirantes aprobados, pola orde de puntuación.

2 **Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de 3 días hábiles** computados a partir do seguinte ao da publicación, ós resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das



puntuacións provisionais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón.

3 Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor do/a aspirante que figure con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva. Dita lista de reserva será exclusivamente á efectos de cobertura de renuncias, de baixas ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte da persoa candidata nomeada para o posto dos requisitos recollidos nestas bases, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós/ás integrantes da lista de reserva dereito algún en relación á outros procesos de contratación.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido a persoa aspirante ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

4 A persoa titular da praza deberá cumprir os requisitos esixidos nesta convocatoria durante o período de presentación da solicitude e mantelos ata o momento da realización da contratación e ademais estará obrigado antes da formalización de contrato (no prazo que lle indique o concello de Boqueixón) ó seguinte:

- Aportar a tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Aportar o certificado IBAN de conta bancaria na que figure como titular.
- Realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, no lugar e data que lle indique o concello de Boqueixón.

5 Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período as persoas que o superen, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.

6 A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

7 En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ó posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a prestación económica algunha.

NOVENA. Incidencias

A Comisión seleccionadora está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asi mesmo, a xurisdición competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do



**CONCELLO DE
BOQUEIXÓN**

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

contrato será a xurisdición social.

DÉCIMA. Lexislación aplicable

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.